

8 de Março de 2011
Dia Internacional de la Dona Treballadora

8 de Marzo de 2011
Dia Internacional da Muller Trabalhadora

2011ko Martxoak 8
Emakume Langilearen Nazioarteko Eguna



8 de Marzo de 2011
Dia Internacional de la Mujer Trabajadora

¡¡ MULLER... REBELATE !!

Partindo de que a poboación do mundo está inmersa na Crise Económica, e centrándonos nas modificacións legais que no noso Territorio foron feitas en menos dun ano, poderíase chegar á conclusión, quizais simplista pero non desprezable, de que, ao parecer, EN CRISE TODO VALE, e polo tanto, este 8 de Marzal, día da celebración do Día Internacional da muller traémosvos este Conto:

“Fai moitos anos, en 1908, unhas mulleres de New York que reclamaban a mellora das súas condicións laborais nunha fábrica textil resultaron abrasadas polas chamas provocadas polo seu patrón.

Dous anos despois, en 1910, na celebración da Segunda Conferencia Internacional de Mulleres Socialistas en Copenhague (Dinamarca), a alemá Clara Zetkin propuxo instituír o Día Internacional da Muller como xornada de loita polos dereitos políticos, civís e económicos de todas as mulleres.

Tal era o recoñecemento da celebración deste día que, incluso un organismo internacional chamado ONU así o proclamaba, e en determinadas terras era unha festa de gardar.

Os anos pasaban, e no mundo mundial a loita das mulleres na defensa dos seus dereitos continuaba, pois aínda que os avances eran significativos, aínda se consideraban insuficientes. E neste Territorio no que nos topamos a loita estaba durminte, aínda que circunstancias puntuais provocaran respostas contundentes en momentos puntuais.

Así xurdiu o ano 2011, momento en que as mulleres destas terras, conscientes de levar tres anos inmersas nun fenómeno coñecido como CRISE percatáronse de que parte da herdanza de dereitos conseguida con arduas loitas das súas antecesoras estaba en perigo de extinción, e así lembraban que os derradeiros avances legislativos para o seu colectivo foran:

- En 1999 a Lei para promover a Conciliación da Vida laboral e familiar;
- En 2004 a Lei contra la Violencia da Xénero;
- En 2006 a Lei de Dependencia;
- En 2007 a Lei de Igualdade efectiva de mulleres y homes;
- En 2009 ampliación do Permiso de Paternidade dun mes.
- En 2010 **Lei de Saúde Sexual e Reproductiva e da interrupción voluntaria do embarazo.**

Malia iso as mulleres facían múltiples consideracións: unhas por estimalas insuficientes, outras porque non se reflectían na vida cotiá, todas porque non crían no avance social real, verdadeiro e necesario, se non se transmitía a través da educación e tomábase conciencia da necesidade de eliminar barreiras por razón de xénero.

Entón, as mulleres deixaron as súas actividades cotiás e puxéronse a cavilar sobre o que estaban a vivir. E de súpeto lembraron algo moi significativo que sucedera meses atrás. Algo que non espertara a conciencia social na medida que a situación precisaba, nin coa loita que requería, pero que agora xermolaba, e é que, en Xuño de

¡¡ MULLER... REBELATE !!

2010, as persoas que nese intre dirixían o Teritorio decidiran impor ás xentes do lugar unhas Medida Urxentes para a Rrforma do Mercado de Traballo, que se coñecería como Reforma Laboral, e que en Setembro conseguirían publicala tras o apoio recibido na reunión dos que dicían representar a todas as persoas do Teritorio, no Congreso dos Deputados.

Pero o tempo seguiu avanzando inescrutablemente, e a punto de rematar a época coñecida como costa de Xaneiro, novamente o Goberno do lugar, esta vez xunto con determinados axentes sociais, subscribiron o Pacto chamado Acordo Social e Económico para o Crecimento, o Emprego e a Garantía das Pensions, o Pensionazo

A Reforma Laboral e o Pensionazo asupoñían un enorme retroceso nos dereitos das persoas traballadoras, e tiveran unha escasa oposición polos que sufrirían as consecuencias, pero serviran de caldo de cultivo para a rabia que agora sentían al mulleres. Rabia que as impulsaba o ánimo. Que as pesaba. Que desexaban expresar e berrar aos catro ventos para que todo ser vivinte se decatara da inxustiza que se estaba a cometer.

A sí, alá por Febreiro do ano 2011 as mulleres do Teritorio facendo abasto da súa valía empezaron a indignarse, axitarse, revolucionarse e rebelarse definitivamente, emprendendo unha loita imparabile, xa case esquecida, na defensa a ultranza dos seus dereitos; e iso porque eran sabias coñecedoras de que serían as primeiras

en sufrir nas suas propias carnes a mingua de dereitos que se implantarían no nome da Crise, e esbozaron estas notas:

✓ A conciliación da vida laboral e familiar deberá servir para que a persoa traballadora puidese axeitar os horarios que fagan sostible o entorno familiar, coas necesidades que precise;pero

✓ A falta de recursos económicos impide implantar realmente a Lei de Dependencia; súmase que

✓ Aprazouse a implantación do Permiso de Paternidade dun mes; tense en conta que

✓ A conciencia do colectivo dos homes dista aínda moito de asumir a tacha laboral no expediente que supón reclamar o dereito ao coidado de outras persoas, ademáis do compoñente social; e ademáis engádese

✓ as inxentes modificacións substanciais referidas entre outras á xornada laboral, horarios de traballo, e réxime de quendas que a patronal está mpondo nas condicións de traballo, con excusa da Crise, o que no suposto de non se adaptar a éstas pode ser motivo de despido procedente,

→ O colectivo de mulleres soportará a responsabilidade do coidado de menores e persoas dependentes, o que actualmente as pode levar a ser despedidas precedentemente, ben por faltar ao seu traballo, aínda que o justifiquen e sexan faltas intermitentes, ou ben porque non se adapten ás novas condicións laborais.

✓ Se á ampliación de anos de cotización a efectos de calcular a Pensión de

¡¡ MULLER... REBELATE !!

Xubilación, e

✓ As mulleres son o colectivo que xeralmente traballa a xornada parcial, e

✓ A cotización é proporcional a xornada efectiva, non a día traballado

→ Entre o colectivo de mulleres poucas serán as que obteñan unha prestación de xubilación do 100% polo que son discriminadas.

✓ Se as mulleres continúan sendo asesinas polo terrorismo machista, e

✓ O problema é de primeira magnitude.

→ A crise non é escusa para facer recortes presupostarios nos recursos da intervención.

Pero as mulleres do Territorio sentían outras mil rabias máis, e dicían:

✗ Que se remate a desigualdade salarial. Abonda de sectores de emprego feminizado e de engano da paridade.

✗ Que non haxa mobbing ou violencia no ámbito laboral.

✗ Abonda do control da sexualidade feminina. O noso corpo é noso e eu decido.

✗ Que a educación considere a historia das mulleres e o uso da linguaxe. Non á historia feita por e para os homes. Non á linguaxe sexista que nos invisibiliza.

✗ Xa abonda da imaxe que transmiten os medios de comunicación que, utilizan o noso corpo e, que non se corresponde coa realidade pois nos presentan maioritariamente como coidadoras e servidoras, en papeis secundarios, dependentes e desvalorizados socialmente.

✗ ... E mentres unhas e outra nomeaban as súas sentidas rabias chegou o 8 de Marzal.”

E agora, ti Muller, ¿qué vas facer con este Conto, durmir ou esperar na túa realidade e engadirte á loita de reivindicar os teus dereitos e impedir a mingua dos que xa tiñas recoñecidos?

Pregúntate: ¿Por qué hei de aturar os recortes que se estimen necesarios para paliar unha Crise á que se pretende remendar sen nin sequera falar de cambiar cuestións básicas do funcionamento esencial do sistema? ¿Outra vez eu? Xa vale, ¿non?

En CXT queremos que as relacións igualitarias sexan unha realidade, queremos unha sociedade xusta onde a xente teña as mesmas oportunidades.

Non queremos seguir calando. Polas rabias expostas e por miles de rabias máis:

MULLER, REBELATE!

NO PODEMOS SEGUIR CALLANDO.

PARA QUE LAS RELACIONES IGUALITARIAS SEAN UNA REALIDAD.

POR LAS RABIAS EXPUESTAS Y POR MILES DE RABIAS MÁS

¡¡ MULLER... REBELATE !!